




Área / Unidad TRANSPORTES MU1100B MLC.	Documento 51217I004V	
Código de verificación  0N1B 3055 5H18 3660 16BT	Expediente 512/2022/4077	
	Fecha 17-01-2023	

RESOLUCIÓN:

Visto o informe que antecede no expediente **512/2022/4077** e de conformidade con canto no mesmo propónse, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Decreto de Alcaldía do 26 de xuño de 2019 e os Acordos da Xunta de Goberno Local adoptados en sesións celebradas o 28 de xuño de 2019 e o 22 de outubro de 2019 (BOP núm. 209 do 4 de novembro de 2019),

RESOLVO:

Primeiro.- Habilitar as seguintes catro (4) paradas exclusivas de transporte escolar naquelas lugares da cidade onde se detectou unha cobertura deficitaria de paradas deste tipo de transporte ou naquelas vías onde a localización da parada de autobús urbano obriga a percorridos de autobús escolar de certa complexidade prexudiciais para o tráfico, dispoñendo que estas paradas que se habilitan sexan de carácter obrigatorio para o transporte escolar do mesmo xeito que as paradas establecidas para o transporte público urbano colectivo de viaxeiros, segundo o disposto no artigo 56.1 da Ordenanza municipal de transportes aprobada por este concello:

PARADAS EXCLUSIVAS DE USO DE TRANSPORTE ESCOLAR

- **Castro de Elviña (despois do cruce co Camiño do Lagar de Castro**
- **Ctra. Santuario de Santa Xema, 17**
- **Ctra. Pasaxe ao Burgo,35**
- **Pasaxe/farmacia**

Segundo.- Dispoñer a sinalización das paradas anteriores conforme ao disposto nos informes técnicos emitidos pola xefa da Unidade da Oficina Técnica do Servizo de Mobilidade que obran no expediente como Anexo 1:planos, dando traslado desta resolución a empresa contratista do servizo de sinalización horizontal e vertical das vías públicas.



Terceiro.- Notificar ás empresas de transporte escolar esta resolución para o seu coñecemento e para que poidan modificar os percorridos do transporte escolar tanto neste curso como para os vindeiros.

A Coruña na data da firma dixital do documento.

A Xunta de Goberno Local, P.D.
O Concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas,
Vivenda e Mobilidade Urbana